



# BASES

## IV CONCURSO DE DECORACIÓN DE BALCÓNS

# XVI FEIRA MEDIEVAL

### Primeira

O Concello de Monforte de Lemos convoca o **IV Concurso de Decoración de Balcóns**, actividade que se realizará dentro do programa de actos da *XVI Feira Medieval* do 2018.

### Segunda

O obxectivo deste concurso é premiar os tres mellores balcóns que polo seu enxeño e ambientación medieval merezan a consideración do xurado, e así incentivar os monfortinos e os visitantes á participación e á ambientación nos actos organizados con motivo da *Feira Medieval*.

### Terceira

Para participar no concurso de decoración de balcóns é necesario inscribirse oficialmente. As solicitudes de inscrición para a participación no concurso presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Monforte do 9 ó 26 marzo do 2018.

A inscrición no concurso de **decoración de balcóns** implica a autorización de todos os participantes inscritos na posible difusión dos documentos visuais recollidos na realización da actividade. Documentos a utilizar polo Concello na súa páxina web, na elaboración de carteis, en folletos informativos ou outras posibles edicións municipais.

### Cuarta

Poderán participar neste concurso todos os balcóns sitos na cidade de Monforte. Tanto a temática como o deseño da decoración dos balcóns será acorde coa época medieval. Os balcóns participantes deberán de estar ambientados acorde coa época medieval como mínimo do 29 de marzo ó 1 de abril de 2018.

### Quinta

Criterios de valoración do xurado:

Valorarase a imaxinación, a idea, a estética, a orixinalidade e os materiais utilizados.

Co fin de que sexan obxectivas as cualificacións do xurado, cada criterio enumerado terá unha valoración mínima do 10% e unha máxima dun 25% da total da puntuación.

### Sexta: PREMIOS

1º premio	100,00 €
2º premio	75,00 €



3º premio      50,00 €

Os premios serán indivisíbeis e poderán quedar desertos algúns deles, segundo a decisión do xurado do concurso. En caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do xurado. O xurado terá liberdade para establecer as súas cualificacións.

## Sétima

O xurado do concurso estará composto por:

**PRESIDENTE:** A Delegada de Cultura ou persoa á que designe.

**VOGAIS:** Persoas que traballen nas diferentes empresas contratadas para o desenvolvemento da Feira Medieval e en agrupacións e asociacións relacionadas con feiras medievais así como representantes de asociacións e colectivos relacionados coa vida monfortina.

**SECRETARIO:** O técnico de cultura do Concello de Monforte, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases do concurso.

## Oitava

A decisión do xurado farase pública o sábado 1 de abril ás 19:00 h na propia Feira Medieval.

## Novena

Os aboamentos dos premios serán tramitados polo Concello de Monforte de Lemos mediante vales para a compra no comercio local, estes establecementos en ningún caso poderán exercer a súa actividade mediante a fórmula de C.B.

O prazo máximo para facer efectivo os vales será dun mes a partir da súa recepción.

Aos/ás gañadores/-as do concurso seralles requirida a seguinte documentación:

- DNI
- Certificado de empadramento na cidade de Monforte
- Declaración xurada de estar ao corrente coas contas públicas

## Décima

A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A decisión do xurado é inapelable. Contra a resolución definitiva que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición perante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, se o acto foi expreso ou de tres meses, ou ben directamente o recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado co Contencioso- Administrativo de Lugo.

## Décimo primeira

No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais e de xeito supletorio na Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de subvencións, no RD 887/2006 de 17 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, e na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.



# BASES

## V CONCURSO DE DECORACIÓN DE ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS E HOSTELEIROS

# XVI FEIRA MEDIEVAL

### Primeira

O Concello de Monforte de Lemos convoca o **V Concurso de Decoración de Establecementos Comerciais e Hosteleiros**, actividade que se realizará dentro do programa de actos da *XVI Feira Medieval* do 2018.

### Segunda

O obxectivo deste concurso é premiar os tres mellores establecementos que polo seu enxeño e ambientación medieval merezan a consideración do xurado, e así incentivar os monfortinos e os visitantes á participación e á ambientación nos actos organizados con motivo da *Feira Medieval*.

### Terceira

Para participar no concurso de decoración de establecementos é necesario inscribirse oficialmente. As solicitudes de inscrición para a participación no concurso presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Monforte do 9 ó 26 de marzo do 2018.

A inscrición no concurso de *decoración de establecementos comerciais e hostaleiros* implica a autorización de todos os participantes inscritos na posible difusión dos documentos visuais recollidos na realización da actividade. Documentos a utilizar polo Concello na súa páxina web, na elaboración de carteis, en folletos informativos ou outras posibles edicións municipais.

### Cuarta

Poderán participar neste concurso os establecementos comerciais e hostaleiros sitos na cidade de Monforte. Tanto a temática como o deseño da decoración dos establecementos será acorde coa época medieval. Os establecementos comerciais participantes deberán de estar ambientados acorde coa época medieval como mínimo do 29 de marzo ó 1 de abril de 2018.

### Quinta

Criterios de valoración do xurado:

Valorarase a imaxinación, a idea, a estética, a orixinalidade, os materiais utilizados e a adecuada conxunción dos artigos comerciais do escaparate coa decoración medieval.

Co fin de que sexan obxectivas as cualificacións do xurado, cada criterio enumerado terá unha valoración mínima do 10% e unha máxima dun 25% da total da puntuación.

### Sexta: PREMIOS



## XVI FEIRA MEDIEVAL

1º premio	200,00 €
2º premio	100,00 €
3º premio	75,00 €

Os premios serán indivisíbeis e poderán quedar desertos algúns deles, segundo a decisión do xurado do concurso. En caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do xurado. O xurado terá liberdade para establecer as súas cualificacións.

CULTURA

### Sétima

O xurado do concurso estará composto por:

**PRESIDENTE:** A Delegada de Cultura ou persoa á que designe.

**VOGAIS:** Persoas que traballen nas diferentes empresas contratadas para o desenvolvemento da Feira Medieval e en agrupacións e asociacións relacionadas con feiras medievais así como representantes de asociacións e colectivos relacionados coa vida monfortina.

**SECRETARIO:** O técnico de cultura do Concello de Monforte, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases do concurso.

### Oitava

A decisión do xurado farase pública o sábado 1 de abril ás 19:00h na propia Feira Medieval.

### Novena

Os aboamentos dos premios serán tramitados polo Concello de Monforte de Lemos, mediante vales para a compra no comercio local, estes establecementos en ningún caso poderán exercer a súa actividade mediante a fórmula de C.B.

O prazo máximo para facer efectivo os vales será dun mes a partir da súa recepción.

Aos/ás gañadores/-as do concurso seralles requirida a seguinte documentación:

- DNI
- Declaración xurada de estar ao corrente coas contas públicas

### Décima

A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A decisión do xurado é inapelable. Contra a resolución definitiva que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición perante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, se o acto foi expreso ou de tres meses, ou ben directamente o recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado co Contencioso- Administrativo de Lugo.

### Décimo primeira

No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais e de xeito supletorio na Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de subvencións, no RD 887/2006 de 17 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, e na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

CULTURA



## BASES

## VII CONCURSO DE TRAXES MEDIEVAIS - XVI FEIRA MEDIEVAL

**Primeira**

O Concello de Monforte de Lemos convoca o **VII Concurso de Traxes Medievais**, actividade que se realizará dentro do programa de actos da *XVI Feira Medieval* o día **31 de marzo de 2018**.

**Segunda**

O obxectivo deste concurso é premiar os mellores traxes medievais que luzan os participantes inscritos, e así incentivar os monfortinos e os visitantes á participación e á ambientación nos actos organizados con motivo da *Feira Medieval*.

**Terceira**

Para participar no concurso de traxes medievais é necesario inscribirse oficialmente. As solicitudes de inscrición para a participación no concurso presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Monforte do 9 ó 26 de marzo.

A inscrición no concurso de **traxes medievais** implica a autorización de todos os participantes inscritos na posible difusión dos documentos visuais recollidos na realización da actividade. Documentos a utilizar polo Concello na súa páxina web, na elaboración de carteis, en folletos informativos ou outras posibles edicións municipais.

**Cuarta**

As modalidades do **concurso de traxes** son as seguintes, entendendo por infantil ata os 12 anos:

- |                 |   |
|-----------------|---|
| <b>Adultos</b>  | - <b>Individual</b>                         |
|                 | - <b>Parellas (2 compoñentes)</b>           |
|                 | - <b>Grupos (a partir de 5 compoñentes)</b> |
| <b>Infantil</b> | - <b>Individual</b>                         |
|                 | - <b>Parellas (2 compoñentes)</b>           |
|                 | - <b>Grupos (a partir de 5 compoñentes)</b> |

**Quinta**

Os/as participantes vestiranse tendo en conta a temática medieval.

Se se participa na modalidade individual non se poderá participar na modalidade parella e á inversa.

**Sexta: PREMIOS****ADULTO**

Individual	1º premio	75,00 €	2º premio	50,00 €
Parellas	1º premio	175,00 €	2º premio	125,00 €
Grupo	1º premio	275,00 €	2º premio	175,00 €

**INFANTIL**

Individual	1º premio	50,00 €	2º premio	25,00 €
Parellas	1º premio	100,00 €	2º premio	75,00 €
Grupo	1º premio	175,00 €	2º premio	125,00 €

Os premios serán indivisíbeis e poderán quedar desertos algúns deles, segundo a decisión do xurado do concurso. En caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do xurado. O xurado terá liberdade para establecer as súas cualificacións.

**Sétima**

O xurado do concurso estará composto por:



**PRESIDENTE:** A Delegada de Cultura ou persoa á que designe.

**VOGAIS:** Persoas que traballen nas diferentes empresas contratadas para o desenvolvemento da Feira Medieval e en agrupacións e asociacións relacionadas con feiras medievais así como representantes de asociacións e colectivos relacionados coa vida monfortina.

**SECRETARIO:** O técnico de cultura do Concello de Monforte, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases do concurso.

### **Oitava**

Criterios de valoración do xurado:

Os traxes realizados artesanalmente, a súa elaboración, a riqueza en complementos, a posta en escena, o material utilizado e o seu rigor histórico, tamén se valorará a permanencia do participante co traxe posto durante os actos organizados durante a *Feira Medieval*, contribuíndo á animación do mercado coa súa presenza.

Co fin de que sexan obxectivas as cualificacións do xurado, cada criterio enumerado terá unha valoración mínima do 10% e unha máxima dun 25% da total da puntuación.

### **Novena**

Os participantes no concurso concentraranse na Praza de España (a carón do Cruceiro) onde estará situado o xurado, ás 17:00 h do sábado 31 de marzo e de alí sairán en desfile por diferentes rúas monfortinas.

O persoal de organización e o xurado do concurso quedan facultados para excluír do concurso calquera elemento que se considere perigoso (petardos, bengalas...), co obxecto de garantir a seguridade dos demais participantes e do público asistente.

### **Décima**

A decisión do xurado farase pública o mesmo día 31 de marzo ás 19:00 h.

### **Décimo primeira**

Os aboamentos dos premios serán tramitados polo Concello de Monforte de Lemos, mediante vales para a compra no comercio local, estes establecementos en ningún caso poderán exercer a súa actividade mediante a fórmula de C.B.

O prazo máximo para facer efectivo os vales será dun mes a partir da súa recepción.

Aos/ás gañadores/-as do concurso seralles requirida a seguinte documentación:

- DNI
- Declaración xurada de estar ao corrente coas contas públicas

### **Décimo segunda**

A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases expostas. A decisión do xurado é inapelable.

Contra a resolución definitiva que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición perante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, se o acto foi expreso ou de tres meses, ou ben directamente o recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado co Contencioso- Administrativo de Lugo.

### **Décimo terceira**

No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais e de xeito supletorio na Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de subvencións, no RD 887/2006 de 17 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, e na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.



## BASES

# V CONCURSO DE AXUDAS PARA A CONFECCIÓN DE TRAXES MEDIEVAIS

## XVI FEIRA MEDIEVAL

### Primeira

O Concello de Monforte de Lemos convoca o **V CONCURSO DE AXUDAS PARA A CONFECCIÓN DE TRAXES MEDIEVAIS**, actividade que se realizará dentro do programa de actos da *XVI FEIRA MEDIEVAL* do ano 2018. O concurso desenvolverase do 15 ó 26 de febreiro de 2018.

### Segunda

O obxectivo deste concurso é aumentar a participación da veciñanza nos diferentes actos da *feira medieval* que terá lugar os días 31 de marzo e 1 de abril.

### Terceira

Os/as veciños/as interesados/as en participar neste concurso de axudas para a confección de traxes medievais deberán chamar entre o 15 ó 26 de febreiro de 2018 ás radios *Principal Cadena Ser e Onda Cero Monforte* durante a emisión local de luns a venres e contestar a unha pregunta formulada polo/a locutor/a referida a Monforte.

O número máximo de persoas participantes será de 60 e non poderán participar aquelas que xa recibiran a axuda nos concursos de confección de traxes medievais dos anos anteriores.

### Cuarta

As radios colaboradoras emitirán unha lista das persoas que acertasen as preguntas e estas pasarán polo concello a realizar unha solicitude formal no rexistro municipal para que sexan subvencionadas cunha cantidade máxima de 40,00 € por persoa, que deberá ser empregada na confección e elaboración dun traxe medieval que se lucirá nos actos da feira medieval os días 31 de marzo e 1 de abril.

O concello, despois do informe do Departamento de Cultura no que se porá de manifesto que os solicitantes coincidan coas persoas que acertaron a pregunta no programa de radio e que non houberan participado en concursos anteriores, ditará unha resolución acordando conceder a condición de beneficiarios ós que cumpran os requisitos, unha vez verificado que non exista impedimento legal para recibir a subvención.

### Quinta

Os beneficiarios da axuda, terán que xustificar a súa participación na Feira Medieval durante os días 31 de marzo e 1 de abril presentándose co seu traxe na Oficina de información da Feira Medieval sita na praza de España.

### Sexta

Unha vez celebrada a Feira Medieval, os beneficiarios deberán presentar ao seu nome, no Concello de Monforte a factura xustificativa do gasto da tenda colaboradora coa Feira Medieval onde realizou o seu traxe, polo importe concedido como mínimo, no que conste o pago e o concepto.

Unha vez comprobado que a factura reúne todos os requisitos legais e que os beneficiarios participaron na XVI Feira Medieval, o concello emitirá unha resolución recoñecendo a obriga a favor dos beneficiarios e procederá ao pago das axudas.

### Sétima



Os participantes neste concurso **non poderán** participar no **Concurso de Traxes Medievais** convocado polo Concello.

#### Oitava

As tendas colaboradoras co Concello de Monforte no *concurso de axudas para traxes medievais* son:

- **GNOMOS** –Hermida Balado 10.
- **TEXIDOS PHILDAR** –rúa Doutor Casares nº 12.
- **RETALES MERCE** – doutor Teijeiro 38.

*Para calquera cuestión ou aclaración adicional poderán dirixirse á Concellería de Cultura do Concello de Monforte de Lemos (Campo de Santo Antonio, s/n,. Teléfono 982402501)*